



ASUNTO: INFORME VISITAS CENTROS DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

INTRODUCCIÓN:

O Comité de Empresa da Consellería de Política Social de A Coruña ven de realizar una serie de visitas polos centros de Política Social da provincia para valorar as condicións de traballo, o estado das instalacións, as demandas do persoal, as carencias dos centros e todas aquelas circunstancias ou factores que poidan influír no traballo diario, na atención aos usuarios, na ergonomía, e na seguridade e saúde dos traballadores e usuarios.

Tendo en conta que dende a entrada en vigor da lei *1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, ala polo ano 2012, xustificadas pola crise económica segundo o goberno e alegándose que se ían poñer en vigor ou funcionamento* unha serie de instrumentos que levarían a acadar unha maior eficiencia nos recursos públicos para obter unha maior produtividade dos recursos humanos, **verdadeira perversión da linguaxe** que significou realmente unha serie de medidas de aforro e de falta de investimentos que supuxeron o empeoramento das condicións de traballo, o deterioro do estado dos centros, a diminución da calidade dos servizos que se prestan, o aumento da sinistralidade laboral, (dende 2010 levamos un aumento continuo do número de accidentes laborais cun incremento do 10%), destacando nestas estatísticas a consellería de Política Social, o que ten que ver na nosa opinión cos recortes, a diminución de reforzos de persoal, as sobrecargas de traballo, etc.

Tamén constatamos a diminución do grao de satisfacción dos usuarios e dos traballadores, o deterioro da saúde dos traballadores (aumento das baixas laborais a pesar das penalizacións económicas por estar enfermos), a falta de conciliación da vida laboral e familiar, as peores condicións dos materiais, cueiros, empapadores, etc, a non reposición dos mesmos (axudas técnicas, lencerías, reparación de desfeitas nos centros, etc.).

Este Comité a través de este escrito pretende trasladar á consellería, á opinión pública e a todos aqueles organismos da administración que considere pertinente todas as deficiencias e necesidades que foi constatando nestas visitas.

Sirva pois este escrito de información e denuncia do abandono e desinterese do goberno galego polas políticas sociais públicas, servizos públicos que están a sufrir un deterioro grave, e que si non se toman medidas urxentes pode ser irreversible. Todo isto mentres segue a política de concertos e axudas ás empresas privadas en detrimento do público.



ASUNTOS COMUNS A MAIORIA DOS CENTROS DE POLÍTICA SOCIAL

Laborais e de persoal:

- Non cobertura de moitas baixas laborais, vacacións, permisos e licenzas.
- Aumento da sinistralidade laboral.
- Falta de protocolos de todo tipo(seguridade, illamentos, condutas agresivas, evacuación, ausencia de dirección e admón. en domingos e festivos, distribución tarefas con quendas a mínimos, etc.)
- Ambigüidade de funcións nas categorías profesionais(implica conflitos entre traballadores)
- Falta de organización nos centros de Política Social.
- Carteleiras 2016, falta de criterios claros e instrucións en relación as (X).
- Quendas a mínimos e as veces baixo mínimos xustificadas por falsas necesidades de servizo.
- Discriminación en relación o resto dos traballadores da admón., non temos xornada de verán nin flexibilidade na xornada de traballo.
- Non compensación domingos e festivos traballados.
- Falta de persoal.
- Desequilibrios dos festivos entre traballadores e centros.
- Contratos precarios de fin de semana e xornadas reducidas.
- Falta de comunicación entre departamentos para tarefas comúns.
- Falta de material e axudas técnicas.
- Sobre esforzos e lesións.
- Falta de organigramas nos centros.
- Falta de programas, cursos, instrucións para casos de emerxencia, evacuacións e outros.
- Malestar do persoal en xeral polas condicións de traballo.



ESTADO DOS CENTROS: MATERIAIS E EQUIPAMENTOS:

- Deterioro dos centros e instalacións.
- Falta de material e equipamentos
- Falta de guindastres, arneses, saritas, baños xeriátricos. Os que se usan son vellos e en mal estado, os entregados na última reposición atópanse parados, non son prácticos e non compren as prescricións técnicas, o persoal prefire traballar cos vellos.
- Materiais e axudas técnicas inadecuadas.
- Deterioro do material actual.
- Chans en mal estado favorecen caídas e esvaróns.
- Non reposición de lencerías, cobertoiras, vaixelas, etc.
- Produtos de limpeza, fregonas e prensas inadecuadas e pesadas.
- Mal estado do mobiliario.
- Falta de seguridade nalgúns centros.
- Mal estado fiestras, portas, etc.(madeiras podres, falta de illamentos)
- Malos illamentos, correntes de aire, perdas de calor.
- Goteiras nos centros, caldeiros e trapos e toallas polo chan para recoller a auga(imaxe do terceiro mundo).
- Carros de limpo e sucio que andan mal.
- Mal estado dos firmes nos accesos aos centros e nas saídas para levar a vasoira os contedores.
- Contedores de lixolonxe e en zonas de mal acceso que dificultan o traballo.
- Falta de supervisión por parte da consellería das necesidades dos centros.
- Materiais que non funcionan e non se arranxan nin substitúen, (aspiradoras, calandras, frega pratos, mobiliario, etc.)
- Lencería vella e moi gastada nalgúns centros.



RESIDENCIA ASISTIDA DE MAIORES VOLTA DO CASTRO (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

- Retrasos no Portax da comunicación dos permisos, licenzas e asuntos propios pola non cobertura do persoal de administración (funcionarios)
- Chans en mal estado, prodúcese esvaróns e caídas, especialmente no segundo e terceiro andar.
- Fiestras: entra auga cando chove
- No primeiro andar chove, sabanas polo chan para evitar esvaróns.
- As camas aínda estando freadas esvaran ao deitar aos residentes.
- Carros de limpo e sucio andan mal.
- Baños xeriatricos non desaugan ben.
- Frega pratos avariado.
- Na enfermería desaugan directamente no wc por non haber desague no chan. Meten o tubo de desague no bater.
- Discriminación entre o persoal fixo e o eventual.
- Ordes de mandos intermedios que non son claras e non están debidamente asinadas.
- Sobrecarga de traballo nas auxiliares denominadas "funcións específicas", cando hai algunha ausencia andan por toda a residencia.
- Roupa de lencería moi deteriorada polos lavados.
- Os luns e martes a lencería que sube aos andares soe ser escasa porque como se lava nunha empresa externa non serven ata o luns.
- Bañeiras xeriatricas, carros de limpo e sucio andan mal.
- Guindastres unha vez cargadas cos usuarios son moi complicadas de mobilizar.



RESIDENCIA DE MAIORES TORRENTEBALLESTER(A CORUÑA)

Deficiencias a simple vista:

- Goteiras en distintos sitios da residencia, caldeiros e trapos no chan por mor da auga que cae e para evitar pozas e esvaróns.
- Mal firme na saída dende o primeiro andar ata a zona onde se atopan os contedores, contedores que se atopan lonxe e en pendente coas complicacións que implica para os traballadores.
- A cuberta de cristal do teito está estalada en algunha zona.
- A cuberta de lona abatible do teito coa función de dar sombra atopase chea de polvo e sucidade, excrementos de paxaros, etc. Ademais de ter un efecto que da mala imaxe podería caer sobre algún usuario ou traballador ou sobre as plantas inferiores enchendoas de lixo.
- Na saída da 1ª planta ou andar ao exterior entra auga cando chove.

DEPARTAMENTO DE ENFERMERIA:

- Demandan un aspirador de secrecións, teñen un e non funciona ben.
- Demandan un electrocardiógrafo, o que teñen e vello e da problemas. Precisan de un de fácil manexo e práctico.
- Demandan un ecodoppler para valoración úlceras de MMII.
- Solicitan un guindastre e unha sarita mais.
- Os guindastres están oxidados.
- O sistema de aspiración central non funciona.
- Demandan libro incidencias para os auxiliares e follas de coidados axeitadas.



CONSERXERIA:

- Demandan mobiliario para a zona de recepción.
- A cadeira que teñen e os mobles están suxeitos con cinta illante.
- O moble do control ten achas.
- Atópanse nunha zona de moita corrente de aire, demandan que se cerre a zona de recepción ou algunha medida que os protexa, biombos ou outro sistema.

CAMAREIRAS-LIMPADORAS:

- Os sacos de roupa sucia están rachados.
- Demandan solución ao tema de sacar o lixo aos contedores, o firme atopase en mal estado, os carros funcionan mal, os contedores están lonxe e en pendente, nunha zona inadecuada, sae unha persoa soa cargada e ten que facer sobre esforzos.
- Demandan impermeables ou chubasqueiros para cando chove e teñen que saír ao exterior, por exemplo para sacar o lixo. Calzado axeitado tamén.
- Socavóns e mal firme do chan das zonas de acceso a residencia dende a 1ª planta e na rampla que vai camiño dos contedores.
- Solicitan unha calandra nova, a actual non seca ben ou ten fallos.
- Solicitan protocolos de tarefas para quendas a mínimos ou baixo mínimos.
- Solicitan protocolos ou instrucións para fin de semana e festivos.
- Solicitan a cobertura da praza de camareira que esta incluída na roda co numero 23 mentres continúan a estar a mínimos toda a semana.

COCIÑA:

- Demandan un abatidor de frío.
- Cubos de vasoira novos, os que teñen abren mal.
- Amañar os tiradores das portas, armarios e caixóns do mobiliario de cociña.
- Coitelos de pelar (puntillas) so teñen unha.
- Coadores pequenos.
- Unha picadora-cortadora de verduras. (urxente).
- Unha peladora de cenorias e patacas, a que teñen ten mal a pedra, funciona mal e desaproveita moita pataca e cenoria ademais da mala presenza do produto unha vez pasado pola máquina.
- Linguas de rebañar.



- Cazos de dúas asas.
- Revisar o extractor, funciona mal, acumula gases e enchese todo de fume.

RESIDENCIA ASISTIDA MAIORES DE OLEIROS.

Peticións xenerais:

- Protocolos de todo tipo (seguridade, illamentos, condutas agresivas, evacuación, ausencia de dirección e admón. en domingos e festivos, distribución tarefas con quendas a mínimos, etc.)
- cobertura de baixas, vacacións, permisos e licenzas.
- Que se cubra o posto de responsable de Área creado na última RPT da Consellería de Traballo e benestar.
- Denúnciase a nula ou escasa comunicación entre departamentos para tarefas comúns.
- DEFICIENCIAS NAS INSTALACIÓNS: Chans en mal estado en algunhas plantas. Goteiras en distintas zonas,(5ª planta, zona de sucio de lavandería), chans desnivelados, gretas no chan, as grúas vanse soas.
- chan de enfermería pouco axeitado para a desinfección, está levantado, tropeza a xente e os carros encáixanse e tropezan tamén, tendo que levantalos ao pasar.

MATERIAL E DEMANDAS COLECTIVO AUXILIARES DE ENFERMERIA.

- Demandan a presenza de coordinación de enfermería de luns a domingo en quendas de mañá e tarde.
- Solicitan protocolos e instrucións en caso de mínimos en quendas e ausencia de coordinacións.
- Solicitan protocolos de actuación ante emerxencias, incidencias, condutas agresivas, outros.
- Demandan que os almozos e ceas cheguen as plantas identificados e individualizados.
- Demandan que a roupa chegue as plantas clasificada, a súa función e repartila e ordenala nas habitacións, non clasificala. Si teñen que clasificala que se lles indique horarios e lugares para esa tarefa por escrito
- Reclaman que o persoal auxiliar da 4ª e 5ª sexan sempre 5,5 como mínimo, o normal son un menos 4,5.
- Guindastres, saritas, os que teñen son vellos, teñen as baterías viciadas.(todas as plantas)
- Baños xeriatricos.



- O material da última reposición non o usan, está gardado ou ocupando espazos nas plantas.
 - Arnese para os guindastres, os que teñen están descosidos.
 - Os carros en xeral andan mal, carros de sucio e de lencería.
-
- Empapadores de mellor calidade, os que usan traspasan e complican o traballo.
 - Pupineles nas plantas, os que teñen non funcionan ou non hai en todas as plantas, teñen que levar o material a outras plantas.
 - Denuncian escaseo de cueiros.
 - Demandan arnese para cadeiras de rodas.
 - Demandan que se coloque o papel de secar as mans en soportes axeitados.
 - Demandan unha zona de descanso para o colectivo de auxiliares de enfermería.
 - Demandan unha fonte de auga en todas as plantas como teñen en UCE e recepción.
 - Fiestras e portas das habitacións en mal estado.
 - Portas dos armarios non abren ben.
 - Demandan cadeiras xeriatricas.
 - Demandan libro de incidencias para o persoal auxiliar.
 - Que se asignen plantas ao persoal de fin de semana.
 - Que se poñan a funcionar e se instalen equipos informáticos, programas e bases de datos.

CAMAREIRAS/OS-LIMPADORAS/ES:

- Solicitan a presenza de persoal de gobernantía en quendas de mañá e tarde, hai un gobernante e dúas subgobernantas que teñen turnicidade.
- Solicitan que a distribución de tarefas sexa equilibrada, que roten por todas as tarefas de xeito equilibrado e o mais xusto posible e que estas sexan programadas cunha semana de antelación polo menos, o mesmo para as presenzas e que estean no taboleiro para saber en todo momento as presenzas que hai.
- Denuncian persoal insuficiente en quendas de tarde e que para descargar e cargar as máquinas so o fai unha persoa.
- Denuncian ventilación insuficiente na lavandería e zona de máquinas, en verán o aumento de temperatura e insufrible.
- Denuncian que a pesar do informe do Comité de Prevención que di que para colgar e descolgar cortinas teñen que ir dúas persoas, segue a ir unha soa. Solicitan unha alternativa as cortinas ou que se cumpra a recomendación do comité de prevención.
- A calandra non plancha ben.
- Solicitan aspiradoras, teñen poucas e non funcionan ben.



- Denuncian o aumento da carga de traballo pola roupa da casa do Mar en beneficio de servizos alleos ao centro, a roupa con prioridade ten que ser a da Residencia de Oleiros. Non pode faltar roupa nas plantas por atender a roupa de servizos alleos.

COCIÑA:

- O tren de lavado vota auga fora e provoca moitos vapores.
- Chans esvaradizos
- billa do lava-vaixelas falla ou non vai ben.

ENFERMERIA:

- Os cuartos de sacar a medicación das plantas que teñan peche.
- Demandan tensiómetros.
- Frío no cuarto de sacar a medicación.
- Non teñen tabúlete ou cadeira onde sentarse.
- Carros de curas oxidados e andan mal.
- O persoal de enfermería demanda soporte informático e follas de rexistro axeitadas.

CONSERXERIA:

- Buscar unha solución ao frío que pasan na zona de recepción polas noites. Pechar a zona de recepción, biombos, outras.

RESIDENCIA DE MAIORES DE CARBALLO

- Persoal auxiliar a mínimos de luns a domingo pola non cobertura dunha xubilación parcial de baixa. As veces queda soa a enfermeira.
- Non teñen calefacción polas noites.
- Non teñen ordenanzas os fins de semana e festivos e tampouco algún día da semana pola tarde.
- As auxiliares de enfermería quedan soas pola noite facendo todo tipo de funcións como vixilancia, coidados, administrativas e outras.
- Fáltalles material como esponxas xabonosas.



- Fáltalles roupa de traballo (chaqueta), non teñen a uniformidade completa.
- Ausencia de responsables en fins de semana e festivos.
- A lavandería pechada fins de semana e festivos. Na semana Santa, catro días acumulándose a roupa sucia.

CAPD (A CORUÑA):

Persoal:

- Falta de persoal de atención directa (educadores/as, coidadores/as), insuficiente tendo en conta as características dos usuarios. Precísase de reforzo en todas as quendas.
- Persoal de limpeza escaso con aumento de cargas de traballo durante os fins de semana.
- Solicitan que a axudante de cociña pase a xornada completa.

Material (RESIDENCIA e CENTRO DE DIA):

- Nos talleres (Barro, alfombra, fogar, cestería) falta material para desenvolver as actividades.
- O forno do taller de barro non coce.
- Os aparatos reprodutores (TV, DVD, reprodutores de música, etc.) están moi deteriorados, os materiais audiovisuais están obsoletos, son escasos e non se axustan ás necesidades dos usuarios.
- O material didáctico é escaso, deteriorado e pouco axustado ás necesidades dos usuarios.
- Os sofás, butacas, cadeiras, etc., están en moi mal estado e non se axustan ás necesidades dos usuarios (os sofás de descanso non teñen a opción de elevar os pés).
- Os sofás de descanso para as noites están moi deteriorados.
- As camas son baixas, estreitas e curtas, o que dificulta o descanso dos usuarios e o traballo do persoal (cambios posturais de cueiros, mobilizacións, facer as camas, erguer e deitar aos usuarios, etc.).
- As camas articuladas non son regulables en altura e as baldas son moi baixas.
- A lencería, en especial babeiros e toallas están moi deteriorados e son escasos.
- Os empapadores son de dous tipos, uns están obsoletos e son ineficaces, e os outros son escasos.



- As cadeiras de rodas propiedade do centro están moi deterioradas, as cadeiras de ducha tamén.
- Guindastres deteriorados e escasos. As eslingas ou cinchas están deterioradas e non se axustan ás dimensións dos usuarios. Non hai un número suficiente para repoñer cando se teñen que lavar.
- Cueiros e luvas de mala calidade.
- Escaseza de produtos de hixiene nalgúns momentos (esponxas xabonosas, cueiros, etc).
- Os novos dispensadores de papel son moi dificultosos para os usuarios, ademais o papel racha de seguido e non seca ben.

LIMPEZA e MANTEMENTO:

- Non hai material básico de reposto para arranxos de mantemento.
- Os produtos de limpeza provocan molestias e picores (gorxa, ollos e nariz) e non son tan eficaces como os anteriores.
- Escaseza de carros para a roupa sucia. O carro da roupa limpa e moi alto na última balda.
- A maquinaria (lavadoras, secadoras, tren de lavado) están en mal estado e presentan avarías de continuo.
- Solicitan a retirada dos convois (aceite, vinagre e sal) pois a normativa establece que veñan etiquetados e identificados (botellas, frascos, uníndose, etc.).

COCIÑA:

- Precisan de un lavalouzas, imprescindible para cumprir as normativas de limpeza e temperaturas.
- Produtos de limpeza peores que os anteriores, en especial o desengráxante.
- Precisan luvas e mascarillas para a limpeza de placas e planchas.
- A temperatura media é de 26.30 graos, producíndose un importante choque térmico cando acceden as cámaras.

CONSERXERÍA:

- Quéixanse do seu reducido espazo no posto principal.



- Solicitan o arranxo da porta de acceso ao recinto e das cámaras de vixilancia.
- Solicitan un sistema de alarma ou botón de seguridade para casos de emerxencia.
- Solicitan un sistema de peche das portas do internado durante a noite.

INSTALACIÓNS:

- Necesidade urxente de arranxar os accesos peonil e de vehículos ao recinto.
- As fiestras do internado precisan ser reparadas posto que filtran auga e vento provocando correntes de aire e entrada de auga en estancias do edificio.
- Chans esvaradizos en todas as instalacións (internado, administración, centro de día, talleres, etc.)
- Necesidade de un sistema de regulación da temperatura nos talleres e na lavandería. En inverno fai frío e en verán pasan calor.
- Precísase arranxar as humidade s presentes en distintos puntos do edificio.
- Nos vestiarios sitos no pavillón F non hai calefacción.
- Nos talleres de carpintería, pintura e mecánica non hai extracción de aire.
- Os talleres de carpintería e pintura comparten espazo e non hai cabina de pintura.
- Precísase de un paso cuberto que comunique os edificios do complexo para evitar as molladuras dos usuarios e traballadores cando de trasladan entre edificios para realizar actividades ou traslados de usuarios ou material.
- Demandase tamén a mellora da accesibilidade en todo o complexo.

ORGANIZACIÓN DO TRABALLO.

- Falta de protocolos en todos os departamentos para as diversas situacións que se poidan producir, así como falta de plans de emerxencia e evacuación.



PERSONAL DE ATENCIÓN DIRECTA: (EDUCADORES/AS- COIDADORES/AS)

- Falta de protocolos de actuación ante diversas situacións que se presentan na atención dos usuarios.
- Descoñecemento do PIAs dos usuarios, necesidade de pautas de actuación escritas para unificar as actuacións nas distintas unidades segundo as características de cada unha de elas.
- Falta de orzamentos para actividades lúdico-culturais e de esparcemento.
- Escaseza de actividades diarias adaptadas aos usuarios.

CAMAREIROS/AS- LIMPADORES/AS:

- Quéixanse da mala organización do traballo e distribución das tarefas.
- Quéixanse do aumento das cargas de traballo, sobre todo en fin de semana. As camareiras de pisos teñen que apoiar despois á lavandería.
- Realizan todas as tarefas co mesmo uniforme (comedor, pisos, limpeza, lavandería, etc.)
- Na roda de traballos despois de lavandería (carga e descarga de máquinas), na seguinte rotación pasan a limpeza xeral. Solicitan unha distribución mais equilibrada en canto a cargas de traballo.
- Solicitan listado de tarefas a realizar ante a ausencia de persoal suficiente, en situacións de mínimos, ou ante a ausencia de Gobernante/a. Solicitan que se determinen cales son os traballos e tarefas prioritarios.

OFICIAIS DE COCIÑA:

- Solicitan a chave da cámara pois teñen que acudir a ela constantemente e na ausencia da gobernanta teñen que pedirlla aos ordenanzas.



- Solicitan que se lles adiante a entrega da minuta para antes das 11 horas da mañá coa finalidade de cumprir os tempos para preparar as comidas.
- Solicitan que se estandarice a presenza dos Mozos de Servizo na cociña.

ORDENANZAS:

- Solicitan se lles retire a obriga de abrir as cámaras da cociña e supervisar os produtos que se retiran da mesma, xa que a meirande parte do tempo hai só un ordenanza e queda desatendida a centraliña telefónica e o control de accesos, por tempos que poden chegar a ser de 45 minutos nalgunhas ocasións.
- Non están de acordo coa función de vixiantes da cámara instalada no corredor onde está a cámara frigorífica.

CENTRO DE MENORES SAN JOSE CALASANZ

EDUCADORES/AS

- Falta de unha zona adecuada nas plantas dos dormitorios para a realización das súas funcións durante a quenda de noite (aseo, wc, ducha, armario ou taquilla, microondas...etc).
- Falta de roupa de traballo adecuada para o traballo na quenda de noite.
- Falta material didáctico//pedagóxico e de entretemento.

CAMAREIROS/AS-LIMPADORES/AS:

Xornadas e horarios:



- Diversidade de horas de entrada, o persoal está de acordo en función dos servizos que teñen que dar, pero existe un malestar entre compañeiros pola forma en que se accede aos distintos horarios. Teñen entrada as 7-8 e 8.30.
- Teñen distintos descansos en fins de semana, uns libran mais que outros.
- A matriz das carteleiras entregada ao Comité de Empresa non se corresponde cas quendas reais que están a facer.

Materials:

- Hai dúas aspiradoras. Funcionan mal, son moi vellas.
- Secadora, a que teñen é moi vella e sen pezas de recambio. Cada día vai peor.
- Lava-vaixelas, o que teñen non funciona ben. Bota a auga fora.

ENCARGADO DE XARDIN:

- Falta material de xardinería, o coidado dos anexos está en mal estado.
- Non teñen corta-céspedes.
- Non teñen corta-setos.
- Non teñen grupo de soldadura.
- As escadas están en mal estado e son perigosas.
- Falta de roupa de traballo.
- So existe un taladro de 500w.

ESTADO INSTALACIÓNS:

- Goteiras no wc.
- Pratos de ducha rotos nos baños das habitacións.



- Alicatados coas xuntas mal.
- Falso teito dos baños agretado e negro. Perigo de que caia.
- Fiestras de madeira podres.
- Frío por falta de illamentos e correntes.
- Calefacción so entre 4 e 6 horas ao día.
- Xardín a monte, descoidado, salvaxe.
- Pavillón deportivo sen uso por deterioro.
- So un vestiario de persoal inadecuado e único. Non existe diferenza por sexos. Taquillas do persoal contadas. Instalacións obsoletas.
- A porta principal non ten mirilla para ver quen chama. Reclaman vídeo-porteiro ou sistema para ver quen chama.
- Non teñen montacargas teñen que subir a pé ata a terceira planta as comidas, roupa, lencería, materiais, etc. Son en total 69 escaleiras.
- Portas en mal estado.

CENTRO DE MENORES DE FERROL

- Fiestras primeira planta entra frío e perdese calor.
- Quéixanse da non cobertura de baixas, vacacións e asuntos propios.
- Preguntan polo valor das (X) nas carteleiras.

RESIDENCIA DE MAIORES DE CARANZA-FERROL.

- OFFICE TREN DE LAVADO. Non hai ventilación, altas temperaturas e humidade.
- Extractora de gases non elimina ben os mesmos
- Portas do montacargas péchanse causándolles problemas cando levan cargas e material.
- Prensas cubos fregonas non funcionan ben



- As fregonas son pesadas sobre todo ao mollarse
- Non hai botiquíns nos departamentos.
- Os contedores de lixo están lonxe e rotos.
- Aumento da presenza de roedores(ratas) dende hai un ano.
- Fallos no rexistro de documentos en administración, non llos rexistran as veces,
- Nivel do montacargas non está a ras co chan.
- Carros funcionan mal, van para onde queren, todo tipo de carros.
- Tren de lavado non seca ben.
- O sistema de baleirado ou eliminación do lixo é inadecuado. Os carros son malos e vai unha persoa soa.
- O material de curas de illamento (batas, mascarillas etc. é malo)
- Non se fan as revisións das bandexas térmicas das comidas.
- Baños xeriatricos non aptos.
- Queixas da Mutua: din que as lesións das camareiras- limpadoras non se valoran ben e lles din que son lesións comúns que se poden producir na casa.
- As alarmas saltan con frecuencia, moitas veces na quenda de noite.
- Problemas coa calefacción e auga quente.
- As caldeiras fallan as veces, téñenas que rearmar e en algunhas ocasións non teñen persoal de mantemento.
- Correntes e frío nas plantas, malos illamentos fiestras.

Complexo Xuvenil As Mariñas:

- Cadeira do control dos ordenanzas vella, incomoda e en mal estado.
- Roupa amoreada e sen lavar dende a campaña anterior, case que un ano amoreada.
- Os ordenanzas non teñen roupa de traballo.
- As dúas lavadoras, tanto a de Gandario como a de Marina Española están avariadas.
- Roupa amoreada.
- Na parte de Marina Española as cortinas desfeitas en mal estado, as fundas dos colchóns encollidas, non entran os colchóns ou require grandes esforzos metelos nas fundas.



- Goteiras no polideportivo cuberto.
- Colchóns deteriorados.
- Casa do director en estado ruinoso.
- No control de ordenanzas o recinto é pequeno e atopase cheo de aparatos, moito ruído, sobre todo polas noites.
- Rexíitanse peticións de convivencia.
- O programa Cronos non funciona ben.
- Sabanas e lencería en mal estado.
- Portalón da entrada aberto as 24h.
- A cámara de vixilancia está avariada, dende o control non se ve nada.
- Falta iluminación.
- O portalón aberto, a falta de iluminación e a ausencia de cámaras da unha sensación de inseguridade.
- Non teñen follas de reclamación.
- A flexibilidade horaria so é para os de luns a venres, os que están a quendas nada de nada.
- Ata a data de este informe non había dirección no centro, as peticións de convivencia ou de uso do complexo son re dirixidas a Santiago e tardan moito tempo en contestar.

RESIDENCIA DE MAIORES (SANTIAGO de COMPOSTELA).

- Aumento dos residentes con dependencias ou déficit de autonomía persoal, parte da primeira planta fai de enfermería.



- A sala destinada a curas é moi pequena, non teñen padiola. Pouco espáceo para realizar os traballos.
- Chans en mal estado.
- Fiestras de madeira podres, en moi mal estado.
- Patio pechado para que non pasen os residentes por risco de derrubes.
- Tellado e fiestras deteriorados.
- Falta de seguridade no centro socio-comunitario, aberto ata as 21h. Demandase medidas para controlar o acceso e a seguridade, déronse casos de ameazas, atopáronse xiringas, etc. Pídense cámaras de vixilancia, arcos detectores ou calquera medida que mellore a seguridade.
- Quéixanse de que as fregonas son pesadas e os produtos de limpeza provocan reaccións.
- Carros de sucio pequenos.
- Solicitan unha etiquetadora para marcar a roupa dos residentes.
- No centro socio-comunitario non teñen apenas actividades. Solicítase estimular un programa actividades para usuarios da residencia e do centro socio-comunitario.

COCIÑA:

- Bandexas do forno oxidadas.
- Control dos alimentos que se reciben.
- Comunican unha partida de pasta en mal estado e con bichos.

RESIDENCIA DE MAIORES A POBRA DO CARAMIÑAL

CAMARERAS-LIMPADORAS

- Secadoras: teñen dúas que fallan moito e funcionan mal.



- Planchas:
teñen dúas
pero unha está avariada dende fai meses.
- Ascensor: estivo dez días avariado ou inactivo. Supón mais traballo para o persoal que ten que subir os materiais, lencerías, etc. A pe.
- Precisan de un carro para levar a roupa da lavadora á secadora

COCIÑA:

- Solicitan un lava vaixelas, o que teñen é vello.
- A neveira do almacén está en mal estado.
- A bandexa de quente está oxidada.
- Solicitan portas axeitadas para o comedor.
- Solicitan unha zona de descanso para o persoal.
- Denuncian a non cobertura de baixas, vacacións, etc.
- Turmix teñen unha sola, precisan de outra.

ORDENANZAS:

- Non se cobren baixas e vacacións.
- Solicitan unha cabina ou unha zona con intimidade para que os residentes poidan falar por telefono con certa intimidade.
- Piden que se peche a zona de conserxería para evitar o acceso dos residentes á mesma.
- Material de oficina escaso.
- Os residentes acceden a zona de recepción e collen o telefono si non está o ordenanza nese momento.
- A alarma de incendios prende con frecuencia e polas noites. Fallos nas alarmas, falsas alarmas.

DIRECCION:

Polo visto o director está de baixa e as súas funcións fainas a enfermeira, parece ser que leva bastante tempo. O director aparece frecuentemente pola residencia e parece que aínda de baixa segue a exercer dirixindo e dando ordes.

Se solicita se cubra o posto de dirección si o proceso de baixa medica do director vai para longo. En todo caso si está de baixa non pode exercer como tal.

CONCLUSIÓNS:

As conclusións despois de estas visitas aos centros son evidentes.



- Abandono dos centros de Política Social pola admón. especialmente dende 2012 ata hoxe. Falta de investimentos. Falta de confianza e fe nos servizos públicos.
- Un exemplo claro é o indignante episodio aínda hoxe inacabado das obras da Residencia de Maiores de Ferrol que ademais de ir minguando o presuposto nas consecutivas fases leva anos paralizado e sen ingresos nunha comarca moi necesitada de prazas de asistidos.
- Centros deteriorados e en malas condicións. Falta de mantemento.
- Falta de material de todo tipo, empeoramento das calidades dos materiais nos últimos anos.
- Persoal cansado e pouco motivado polos recortes, empeoramento das condicións de traballo, falta de conciliación da vida laboral e familiar, moitas xornadas de traballo seguidas.
- Cambios na xornada laboral ou modificacións de xornadas por falsas necesidades de servizo cando as causas reais son en moitos casos a non cobertura de vacacións e baixas laborais.
- Aumento da sinistralidade laboral e das baixas por enfermidade a pesar das penalizacións económicas que implica hoxe en día estar enfermo, especialmente na consellería de Política Social, 1ª en accidentes e baixas..
- Diminución do grao de satisfacción dos usuarios e residentes nos últimos anos.
- Desánimo entre o persoal porque os traballadores de Política Social traballan de luns a domingo, todos os días do ano, non se lles compensan domingos nin festivos e aínda por riba son os que mais sufriron as accións de recortes laborais e económicos. Non tendo dereito a ningún tipo de flexibilidade, xornadas de verán nin a mais mínima consideración e respecto polas persoas que nos administran.
- Aumento dos contratos precarios.
- Aumento de concertos con empresas privadas do sector dos servizos sociais en deterioro dos servizos públicos.

En A Coruña a _____ de _____ do 2016

Asinado: José Manuel López Viqueira

(Presidente do Comité de Empresa Política Social de A Coruña.)